



## DÍA INTERNACIONAL CONTRA A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA

RODA DE PRENSA E PRESENTACIÓN PÚBLICA DE COLECTIVOS SOCIAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA AFECTADOS POLA CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA:

DÍA 24 DE XUÑO, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA, NA SALA SARGADELOS DE PONTEVEDRA ÁS 17H

Con motivo do día internacional da contaminación electromagnética o vindeiro MARTES 24 de xuño de 2008 reuniremonos en Pontevedra, cunha roda de prensa previa de presentación pública na Sala Sargadelos ás 17h, distintos colectivos da provincia de Pontevedra (asociacións de veciños, de nais e pais, ecoloxistas e colectivos de afectados) actualmente implicados ante a contaminación pola exposición a radiacións de hiperfrecuencias (como a exposición ás antenas de telefonía móbil) ou de radiacións de baixas frecuencias (subestacións eléctrica, transformadores).

A xuntanza posterior servirá como toma de contacto na procura de formas de coordinación ante:

-A inhibición ou insuficiente implicación dos concellos cando o propio Valedor do Pobo afirma no seu informe 2006 que **“o principio de prevención obriga a afastar as instalacións (base de telefonía móbil) dos núcleos habitados e das vivendas”**

- O desfase existente entre as distintas normativas estatais co coñecemento científico na liña exposta pola propia Axencia Europea de Medio Ambiente que, recoñecendo o perigo potencial da exposición, chama a tódolos gobernos da Unión Europea **a cambiar urxentemente os límites públicos de exposición existentes de seguridade que consideran inadecuados tanto para os campos electromagnéticos de baixa frecuencia como os de radiofrecuencias e microondas.**

Relación de asistentes:

ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS “PARDO BAZAN”, CEIP FROEBEL (PONTEVEDRA)

ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A PAZ (VIGO)

ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN ROQUE (VIGO)

ASOCIACIÓN PEDRA CHOCO (CANGAS)

ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA. PONTEVEDRA

CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES (VIGO)

COLECTIVO DE AFECTADOS POLA ANTENA DE ROSALÍA DE CASTRO 45-47 (PONTEVEDRA)

COLECTIVO DE AFECTADOS POLA ANTENA DE JOSÉ CASAL 10. PONTEVEDRA (PONTEVEDRA)

COLECTIVO DE AFECTADOS POLA ELECTROCONTAMINACIÓN DE AS BARXAS (MOAÑA)

COLECTIVO DE AFECTADOS POLA ELECTROCONTAMINACIÓN DE SANTA LUCÍA (MORAÑA)

LUITA VERDE (MORRAZO)